

1 Nas seguintes oracións, a palabra *aire* ten diferentes significados.

Substitúea polo sinónimo que corresponda da lista:

- Vai pola vida con *aire* distraído.
- Con tanta xente na reunión, faltaba o *aire* para respirar.
- Hoxe vai un *aire* que corta.
- Ao meu pai deulle un *aire* e ten que estar na cama.
- Sabela ten un *aire* coa súa curmá.

susto	tormenta	enfado	vento
aspecto	parecido	mal	osíxeno

2 Indica o xénero (M ou F) e o número (S ou P) dos seguintes substantivos:

árbores	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	luces	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	cóxegas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
goles	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	ponte	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	nariz	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
compás	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	policía	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	tenaces	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
leite	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	peixe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	martes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

3 Subliña a comparación que hai nestes versos e di que elementos se comparan:

Unha mulleriña que naceu en Foz
 é tan pequeniña coma un gran de arroz,
 sequera ten nome porque non lle cabe;
 mais ser pequerrecha non é nada grave
 e vive tan pancha dentro dunha noz.

Antón Cortizas: *Vaia tropal!*, Edicións Xerais.

Compáranse

..... e

4 Nas seguintes oracións, risca a palabra que non corresponda:

- O árbitro pitou *fora/fóra* de xogo.
- Perdín as chaves *da/dá* casa.
- Cómpre/compre chegar canto antes para coller sitio.
- O paxaro batía coas *as/ás* na ventá.